

Del Riego: “Eu tiña prohibido escribir daquela co meu nome”

ALVARELLOS EDITORA PRESENTOU EN VIGO A OBRA XORNALÍSTICA DE FERNÁNDEZ DEL RIEGO ESCRITA PARA VIDA GALLEGA



De esquerda a dereita: X.A. Perozo, Fdez. del Riego e Alvarellos (27 de setembro de 2005)

- Paco del Riego confesou que “tiña esquecidos estes textos, que foron feitos ás agachadas”.
- Xosé Antonio Perozo: “Que hoxe editemos en Galicia 1.500 libros ao ano é grazas ao labor de homes como Francisco del Riego”.
- Henrique Alvarellos: “Estes escritos cobran verdadeira actualidade e, sobre todo, seguen a ser dunha enorme utilidade”.

Alvarellos Editora presentou hoxe en Vigo o segundo tomo da súa Colección Rescate. Trala publicación, o pasado verán, do libro *Viajes y yantares por Galicia*, de Álvaro Cunqueiro, esta empresa lanza agora a obra *Sesenta gallegos ilustres* de Francisco Fernández del Riego (Lourenzá-Lugo, 1913), un volume que recupera toda a obra xornalística publicada polo autor na revista *Vida Gallega* e que permanecía inédita en libro. No acto, desenvolvido na Casa



Galega da Cultura, de Vigo, estiveron presentes o autor, Francisco Fernández del Riego; o xornalista e escritor Xosé Antonio Perozo, quen glosou a figura e a obra do autor, e o editor Henrique Alvarellos Casas.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO: “FOI UN TRABALLO FEITO ÁS AGACHADAS”

Nas súas palabras de presentación do libro, Paco del Riego lembrou que “eu tiña prohibido escribir daquela co meu nome. Por iso utilicei os seudónimos Cosme Barreiros ou Salvador Lourenzana para retratar estas pequenas semblanzas informativas e ensalzatorias”.

O histórico galeguista sinalou así mesmo que “debo admitir que fun o primeiro en sorprendeme coa proposta de edición deste libro, destes textos para min xa soterrados no olvido. A miña intención con estes escritos foi divulgar o senso de Galicia a través das súas figuras máis representativas no campo das letras, da arte, da música... e superar esa xenreira que vivín ante a prohibición de falar da nosa terra. De aí que teñamos que falar dun traballo feito ás agachadas e baixo o selo da lingua castelá, un traballo que buscou sacar á superficie a sesenta galegos ilustres da nosa cultura”.

PEROZO: “DON PACO É UN MESTRE RIGOROSO”

O escritor e xornalista Xosé Antonio Perozo, bon coñecedor da obra e figura de Fernández del Riego, glosou a súa traxectoria persoal e profesional. “Don Paco –afirmou- é un mestre rigoroso e preocupado de cheo pola cultura galega, un mestre que sempre buscou avanzar cara novos tempos e novas xeracións. Para min é un exemplo de entusiasmo nun momento difícil para a divulgación literaria. Recordemos que por aquel entón, nos anos 50, as publicacións en galego contábanse cos dedos da man. Hoxe, afortunadamente pódese falar de 1.500 títulos nosos. Iso débese a persoas como don Paco, un home de grande capacidade investigadora e recompilatoria que loitou contra a censura dos longos anos de pedra”.

Perozo referiuse, por outra banda, ao traballo de edición desta obra: “Debo felicitar –sinalou- ao editor, por recuperar estes textos esquecidos, e ofrecelos ao público nun formato tan manexable”.



ALVARELLOS: “ESTES TEXTOS SEGUEN A TER UNHA ENORME UTILIDADE”

O director de Alvarellos Editora, Henrique Alvarellos Casas, referiuse a estes textos que “levaban esquecidos medio século e que non obstante cobran hoxe verdadeira actualidade e, sobre todo, seguen a ter unha enorme utilidade. Hai

moitos nomes como Said Armesto, Felipe de la Gándara, Labarta Pose ou Domingo Fontán, entre moitos outros, que daquela estaban esquecidos, e hoxe seguen olvidados, e só sonan os seus nomes porque bautizan rúas ou centros culturais, pero nada máis se sabe deles. Neste libro, Del Riego descúbrenos as súas grandezas”.

